

**ESTADÍSTICA DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2023 (2º semestre e total)
OPERACIÓN ESTADÍSTICA Nº 2508-01-OE06**

1.- PRESENTACIÓN.

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2023, aprobado polo Decreto 224/2022 de 29 de decembro establece como unha das operacións estatísticas a realizar pola Secretaría Xeral da Igualdade, a estatística de violencia de xénero, na que se recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados no segundo semestre do ano 2023 e o total.

2.- NORMATIVA APLICABLE.

2.1.- Normativa da ONU.

- 2.1.1- Declaración universal dos dereitos humanos (1948)
- 2.1.2- Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979)
- 2.1.3- Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller (1993).
- 2.1.4- Declaración de Beijing (1995).
- 2.1.5- Resolución 2002/52 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU.

2.2.- Normativa europea.

- 2.2.1- Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica 2011 (Convenio de Estambul)
- 2.2.2- Convenio do Consello de Europa ,do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia)
- 2.2.3- Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúela Decisión marco 2001/220/JAI do Consello
- 2.2.4- Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.
- 2.2.5- Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.
- 2.2.6- Regulamento (UE) n º 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil
- 2.2.7- Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular das mulleres

2.2.8- Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).

2.2.9- Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas" adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1)

2.2.10- Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.

2.3.- Normativa estatal.

2.3.1.- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. (BOE 313, do 29-12-2004.).

2.3.2- Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito

2.3.3- Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.

2.3.4- Real Decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

2.3.5- Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza, modificado polo Real Decreto 576/2014, do 4 de xullo.

2.3.6- Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

2.3.7-Lei orgánica 10/2022 de 6 de setembro, de garantía da liberdade sexual.

2.4.- Normativa autonómica.

2.4.1- Estatuto de autonomía para Galicia.

2.4.2.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.3.- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2.4.4.- Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.

2.4.5.- Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.6.- Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.7.- Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.8.- Resolución do 15 de maio de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.9.- Resolución do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (código de procedemento SI434A)

2.4.10.-Resolución do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 15 de decembro de 2022 pola que se convoca para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (código de procedemento SI434A)

2.4.10.- Resolución do 30 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento SI434B).

2.4.11.-Resolución do 1 de xullo de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do bono de alugueiro social e se procede á súa convocatoria continuada e permanente ata o esgotamento do crédito (código de procedemento VI482F).

2.5.- Organización.

2.5.1.- Normas competenciais:

2.5.1.1.- Decreto 59/2023 do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia

2.5.1.2.- Decreto 79/2023 do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

2.5.1.3.- Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

3.- UNIDADES ESTADÍSTICAS.

3.1.- PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DIRECTAS.

3.1.1.- Axuda de pagamento único.

Expedientes de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2023 réxese pola Resolución do 30 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia

de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento SI434B). (DOG nº 19 do 27 de xaneiro de 2023).

Os requisitos esixidos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.1 da antedita Resolución; son ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero; non convivir co agresor; estar empadroada e residir na Comunidade autónoma de Galicia; carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego; ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial, e non ter percibido esta axuda ou a axuda periódica para vítimas de violencia de xénero con anterioridade.

Esta axuda é incompatible coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin. É, exclusivamente, compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

Segundo se establece no artigo 8.1 da citada Resolución do 30 de decembro de 2022, a situación de violencia acredítase pola orde de protección a favor da vítima, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto non se dite a orde de protección, así como a sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que acrediten a actualidade da situación de violencia.

A axuda consiste na contía económica seguinte:

Tipoloxía	Importe do subsidio de desemprego
- Con carácter xeral.	6 meses
- 1 familiar ou menor acollido pola vítima.	12 meses
- Discapacidade da vítima $\geq 33\%$	12 meses
- 2 ou mais familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
- 1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente $\geq 33\%$	18 meses
- 2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade $\geq 33\%$ da vítima ou da persoa dependente.	24 meses
- Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade $\geq 65\%$	24 meses

3.1.2.- Prestación periódica.

Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2023, réxese pola Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 1 do 2 de xaneiro de 2019), que foi

modificada por Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG nº 36 do 20 de febreiro), por Resolución do 17 de decembro de 2021 (DOG nº 246 do 24 de decembro de 2021) e por Resolución do 15 de maio de 2023 (DOG nº 103 do 1 de xuño de 2023). A través da Resolución do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, convócase para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 2 de 3 de xaneiro de 2023), modificada pola resolución do 16 de maio de 2023 (DOG nº 104 de 2 de xuño de 2023).

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda establécense no artigo 5 da antedita Resolución do 17 de decembro de 2018, modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2019, pola Resolución do 17 de decembro de 2021 e pola Resolución do 15 de maio de 2023: ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero, ter cesado a convivencia co agresor nos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude (este intervalo non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia «por interpósita persoa»), estar empadroadada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia, carecer de recursos económicos e/ou dispoñer dunha rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional da pagas extraordinarias, e non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pago único establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro. Para os efectos desta axuda tamén teñen a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia por “interpósita persoas”, con resultado de morte.

A situación de violencia de xénero derivada de convivencia acreditarase, segundo o disposto no artigo 7 das bases reguladoras recollidas na antedita Resolución do 17 de decembro de 2018, con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a letrado/a da Administración de Xustiza da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou vítima de explotación sexual; informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de violencia de xénero, trata de seres humanos con fins de explotación sexual ou explotación sexual; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local ou informe dos servizos de acollida no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero, de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual e a data na que se produce o cese da convivencia ou da situación de dominación e/ou explotación; informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero, de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditos indicios.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. As contías son:

Ingresos	Contía axuda por mes
Ingresos $\leq$ IPREM vixente. Carácter xeral.	600 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima $\geq$ 33%	650 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	700 €
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	700 €
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a	800 €



Ingresos	Contía axuda por mes
cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	800 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM. Carácter xeral.	300 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima $\geq 33\%$	350 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	400 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	400 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	500 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	500 €
Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM . Carácter xeral.	200 €
Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq 33\%$	250 €
Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	300 €
Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	300 €
Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	400 €
Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	400 €

A contía da axuda concedida aboaráselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas.

3.1.3.- Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Expedientes de concesión da axuda establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

No ano 2023 réxese pola Resolución do 30 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento SI434B).

Esta liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Poden ser beneficiarias destas axudas: as mulleres que sufran violencia de xénero, as persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero, as persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e as persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.2 da citada Resolución do 30 de decembro de 2022: estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento e que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

3.2.- PRESTACIÓNS DE SERVIZOS.

3.2.1.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Estes expedientes ábreanse pola entrada no PCOP, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, da comunicación dos xulgados competentes da adopción dunha resolución xudicial (auto ou sentenza) que implica pronunciamento sobre medidas ou ordes de protección. A información (sentenzas/autos/medidas/ordes de protección) remítese desde os xulgados. O funcionamento xeral é de apertura dun expediente por vítima; o que supón que en certo número de casos dentro dun mesmo expediente, faise un seguimento a sucesivas medidas ou ordes de protección.

3.3.- ACREDITACIÓNS.

Solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

3.3.1.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

O artigo 2.b da Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a Certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade.

3.3.2.- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade.

A través da Resolución do 1 de xullo de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do bono de alugueiro social e se procede á súa convocatoria continuada e permanente ata o esgotamento do crédito (código de procedemento VI482F) (DOG nº 133 do 13 de xullo de 2022) establece que a través do Punto de Coordinación das Ordes de Protección da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia se comprobará a vixencia da orde de protección ou da medida cautelar.

4.- DATOS ESTADÍSTICOS.

4.1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único.

Provincia	Nº resolucións favorables		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	59	74	133
Lugo	10	15	25
Ourense	8	14	22
Pontevedra	29	35	64
Total	106	138	244

4.2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.

Provincia	Nº resolucións favorables		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	98	183	281
Lugo	24	52	76
Ourense	32	82	114
Pontevedra	70	137	207
Total	224	454	678

4.3.- Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da Lei galega 11/2007.

Provincia	Nº resolucións favorables		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	1	1	2
Lugo	0	0	0
Ourense	0	0	0
Pontevedra	3	1	4
Total	4	2	6

4.4.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.**Novos expedientes seguidos**

Provincia	Nº expedientes		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	325	405	730
Lugo	91	106	197
Ourense	55	77	132
Pontevedra	155	281	436
Total	626	869	1495

Medidas de protección comunicadas

Provincia	Nº ordes protección		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	386	321	707
Lugo	99	124	223
Ourense	62	81	143
Pontevedra	198	162	360
Total	745	688	1433



4.5.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

	Nº certificacións emitidas		
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	0	1	1
Lugo	0	0	0
Ourense	1	0	1
Pontevedra	1	0	1
Total	2	1	3

4.6.- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade para os efectos da concesión de vivenda en aluguer.

	Nº informes emitidos		
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	5	16	21
Lugo	11	11	22
Ourense	29	34	63
Pontevedra	10	34	44
Total	55	95	150